

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

OROSO

Aprobación do padrón fiscal da taxa por aproveitamento especial do dominio público por entrada de vehículos a traves da beirarrúa e reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga correspondente ó exercicio 2024

EDICTO

Mediante Decreto de Alcaldía Nº 908/2024 de data 5 de xullo de 2024 foi aprobado o Padrón Municipal da Taxa por aproveitamento especial do dominio público por entrada de vehículos a traveso da beirarrúa e reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga correspondente ó exercicio 2024, composto de 19 recibos e por unha contía total de 1.620,00 euros.

O padrón aprobado expónse ao público por un prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación do Edicto no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello de Oroso, a efectos de que poida ser examinado e presentar as oportunas reclamacións. Esta exposición servirá de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte ao mesmo. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes dende a súa interposición. Contra a desestimación presunta do recurso poderase interpor recurso contencioso administrativo ante os Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña, tal e como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime conveniente.

A recadación das taxas referidas farase pola Excma. Deputación Provincial de A Coruña, por delegación da Corporación municipal, ao abeiro do disposto no artigo 7 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, nos períodos habituais e previa publicación no BOP, nas datas e lugares establecidos polo servizo competente do organismo provincial.

En Oroso a 5 de xullo de 2024

O Alcalde-Presidente,

Alexander Doval Expósito

2024/4841